

## Recuperemos os SALARIOS a paga de ANTIGÜIDADE e o acordo de EMPREGO

30 de xaneiro de 2018

**Quen cala outorga. Se calamos seremos cómplices dun roubo do que nós mesmos fomos vítimas. Móvete, reivindicá.**

### CARTOS E DESPREZO

#### CARTOS 1. ORZAMENTOS

Expoñémosvos unhas cantidades moi significativas, que debemos ter en conta para entender os nosos problemas:



Total Orzamento Consellería	2.323.732.731
Gastos Persoal (GP) 2018	1.361.381.243
Concertada	269.759.664
GP Profesorado Pública	1.262.073.000

Os denostados, por moitos, concertos educativos (nos que non van incluídos somentes os salarios en pago delegado) supoñen un 11'61% dos orzamentos globais da Consellería, mentres que os gastos de persoal do profesorado de ensino público representan o 54'31 %.

Os gastos totais do ensino concertado supoñen un 21'37 % do que se gasta no profesorado do ensino público, pero os docentes do ensino concertado educamos ao 27% do alumnado galego.

#### CARTOS 2. Paga extraordinaria de antigüidade na empresa (PEA)

A un traballador de Infantil-Primaria correspóndenlle pola paga de antigüidade aproximadamente **doce mil euros** e a un de ESO **catorce mil**. Con 1 millón de euros abóase a paga de antigüidade de aproximadamente 85 persoas. Un incremento nos concertos



educativos de un **1% suporía unha cantidade de 2.697.596,64€** cos que se pode ría aboar a paga a aproximadamente **229 traballadores**. Tendo en conta o dito máis arriba, é tanto pedir un incremento dun 1% nos concertos educativos destinados ao aboamento da PEA?

### **CARTOS 3. Salarios**

Se aplicamos o IPC, coas correspondentes subidas e baixadas, un mestre desde 2011 *perdeu* **26.958,96€** e un profe **30.478,84€**. E estamos a falar a trienio cero. Esas cantidades son superiores aos nosos salarios anuais 26.299,56€ (mestres) e 30.302,44€ (profes). Así pois, neste caso **homes e mulleres traballamos un ano gratis para a Consellería**.



**Hoxe en día un mestre da concertada aínda gaña 514,36€ menos do que gañaba en 2009 e un profe 615'18€.**

A isto debemos poñerlle remedio. Esiximos que a Consellería se sente a negociar cos sindicatos un **ACORDO RETRIBUTIVO** e consensuemos uns prazos e cantidades realistas para recuperar o poder adquisitivo mediante o incremento progresivo do Complemento Retributivo da Comunidade Autónoma (CRCA), de exclusiva competencia da Consellería.

### **CARTOS 4. Conclusión necesaria: resulta imprescindible un incremento das partidas orzamentarias dos concertos educativos**

Por todo o antedito non supón ningún dislate demandar, **E DEMANDAMOS, que se incrementen os concertos educativos cuns obxectivos finalistas:**

- **INCREMENTAR os nosos salarios** para recuperar o poder adquisitivo.
- **O ABOAMENTO da PEA** aos traballadores que cumpriron os 25 anos na súa empresa.

Haberá quen se bote as mans á cabeza porque demandamos máis cartos para os concertos pero que nos digan os alporizados como, se non, podemos obter o solicitado: **A RECUPERACIÓN DOS NOSOS SALARIOS.**



## **DESPREZO AOS TRABALLADORES DA CONCERTADA. Acordo de Mantemento de Emprego (AME)**

Entre 1990 e 2009 asináronse acordos pola Administración, patronal e sindicatos que permitiron recolocar a centos de traballadores que perderan o seu posto de traballo a causa da supresión de unidades concertadas. Desde 2009 a Consellería négase a negociar un acordo de recolocación. Por cartos? Ao principio pensamos que este era o motivo pois os acordos asinados entre 1999 e 2009 incluían unha cláusula en virtude da cal os traballadores apuntados na Lista de recolocación percibirían da Consellería unha indemnización de 1'5 veces a cantidade pagada polo FOGASA, pero **a proposta que os sindicatos lles fixemos NON INCLUÍA esta cláusula, polo que apenas ía ter custe para a Consellería.** A resposta que se nos deu na reunión co conselleiro, quen por certo demostrou unha completa ignorancia respecto a este tema, foi: "**non somos unha axencia de recolocación**".



Non son cartos é desprezo cara os traballadores da concertada, quizá porque traballamos e calamos. Somos eficaces e non protestamos, os traballadores perfectos. Non lles importa que perdamos os nosos postos de traballo. Dálles igual o que nos suceda a nós e as nosas familias.

Ademais a Consellería dinos que tamén se perden postos de traballo no ensino público e non se recoloca a ninguén, argumento magnífico, pois é

tanto como dicirnos que aquí se reparten labazadas a tirios e troianos. E a aguantarse.

Pero o caso é que non teñen razón, ou só unha pouca. Si é certo que hai interinos que se poden quedar un ano (ou máis) sen traballar, pero non é menos certo que a menos que non cumpran cos requisitos que se lles esixen, permanecen nunha lista da que a Consellería vai tirando para cubrir vacantes. Algo moi parecido ao que nós solicitamos.

**Non nos enganemos, a auténtica razón pola que a Consellería non negocia un AME é porque non quere negociar cun colectivo ao que despreza. PORQUE NON PROTESTAMOS? POIS PROTESTEMOS. TRÁTASE DO NOSO FUTURO E O DOS NOSOS FILLOS.**

**En marzo** todos os sindicatos da concertada iniciaremos unha serie de **mobilizacións para as que te NECESITAMOS**. Queremos que esteas ao noso lado para loitar polo que nos corresponde, **PARA RECUPERAR OS NOSOS SALARIOS E OS NOSOS DEREITOS**. Terémoste informado. E xa sabes:

***Xuntos podemos máis***

## **SNEP**

**(SINDICATO NACIONAL ENSINO PRIVADO)**

### **Pontevedra**

Pasantería 1, 1º  
Telf 986 858 413  
[pontevedra@feteugtgalicia.es](mailto:pontevedra@feteugtgalicia.es)

### **Arousa**

Rúa Castelao 22, Baixo  
Telf. 986 511 213  
[arousa@feteugtgalicia.es](mailto:arousa@feteugtgalicia.es)

### **Vigo**

García Barbón 67  
Telf 886 132 759  
[vigo@feteugtgalicia.es](mailto:vigo@feteugtgalicia.es)

### **Lugo**

Ronda da Muralla 58, 1º  
Telf 982 221 854  
[lugo@feteugtgalicia.es](mailto:lugo@feteugtgalicia.es)

### **Ourense**

Parque San Lázaro 12, 1º  
Telf. 988 237 790  
[ourense@feteugtgalicia.es](mailto:ourense@feteugtgalicia.es)

### **A Coruña**

Avda. Fernández Latorre 27, 3º  
Telf 981 24 84 71  
[acoruna@feteugtgalicia.es](mailto:acoruna@feteugtgalicia.es)

### **Santiago**

Miguel Ferro Caaveiro 12, 1º  
Telf: 981 573 634  
[compostela@feteugtgalicia.es](mailto:compostela@feteugtgalicia.es)

### **Ferrol**

Rúa do Carme 43-45, 2º  
981 359 131  
[ferrol@feteugtgalicia.es](mailto:ferrol@feteugtgalicia.es)